



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE CANGAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ENSINANZAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DA FAMILIA PROFESIONAL ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, DECLARA:

Que esta Consellería formalizou co Concello de Cangas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de dous anos dende a data da súa sinatura. A vixencia prorrogarase tacitamente por períodos anuais mentres non exista denuncia por algunha das partes. A dita denuncia deberá realizarse por escrito e cunha antelación mínima dun mes á data de finalización.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Articular as bases de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e o Concello de Cangas, para o desenvolvemento das ensinanzas de Formación Profesional da familia profesional de actividades físicas e deportivas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

A lexislación de réxime local establece como unha das competencias propias dos concellos a promoción do deporte e instalacións deportivas, así como a de participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

O secretario xeral técnico

Jesús Oitavén Barcala (*asinado dixitalmente á marxe*)

